



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**ORGANISMO AUTÓNOMO  
MUNICIPAL DE CULTURA**

**BIBLIOTECA CENTRAL  
"RIALEDA"**

**Avda. Rosalía de Castro, 227-A  
15172 – Perillo  
Telf. 981 639511  
Fax 981 639996**

## **AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS GANARON O PREMIO IRMANDADE DO LIBRO, NA MODALIDADE DE FOMENTO DA LECTURA**

**As Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros ganaron o premio Irmandade do Libro, na modalidade de Fomento da lectura, concedido pola Federación de Libreiros de Galicia.**

Este Premio foi entregado, o sábado, día 28 de marzo, no Carballiño na súa edición número dezaoitto, ante máis dun centenar de persoas do mundo do libro, da cultura e representantes das institucións seleccionadas.

Das Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros valoraron o proxecto presentado coas numerosas actividades de promoción da lectura realizadas durante o ano 2008, o seu traballo en prol do fomento da lectura e da divulgación do libro e a implantación territorial das súas bibliotecas.

O premio é unha figura alegórica de bronce, realizada polo artista lucense Ismael López Fernández e un cheque por importe de 2000 € para a adquisición de libros en calquera das librarías da Agrupación de Libreiros.



Dende as Bibliotecas Municipais de Oleiros damos as grazas á Federación de Libreiros de Galicia polo premio e ao Xurado por valorar positivamente o noso proxecto de Fomento da Lectura.

Nesta modalidade quedaron de finalistas a Biblioteca Municipal de Porriño e a Asociación Cultural Lonxa Literaria de Moaña.

As outras modalidades premiadas eran: Categoría de autor, na que o gañador foi o escritor Xabier P. Docampo, Institucións, Librarías, Mellor libro do ano 2008, Mellor obra editorial do ano 2008 e Centros de Ensino.

Ao Concello de Oleiros, polas súas bibliotecas, xa lle concederan este premio no ano 1995, na modalidade de Institucións.